

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **18 de xullo de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP; Don Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral; dona Elva Anido Anido
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación; dona Ana Tabarés Martínez, actuando como Secretaria.

1.- Aprobación e sinatura da acta correspondente ó día 11 de xullo de 2014.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Informática

- Para man de obra e materiais durante a substitución dun conmutador de rede de fibra óptica instalado na nave de Vías e Obras, por importe de 6.562,77 euros, adxudicado á **EMETEL**.
- Para man de obra e materiais durante a realización da unión de fibra óptica entre o Auditorio Municipal Gustavo Freire coa Biblioteca de Frigsa e o Edificio de proxecto Home co Centro Social da Milagrosa, por importe de 11.109,37 euros, adxudicado á **TELVENT**.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Cultura

- Para a actuación do dúo Muralla en San Miguel de Bacurín co motivo da celebración da súa festa patroal, por importe de 450 euros, adxudicado á **DÚO MURALLA**.
- Para a actuación do dúo Eclipse en San Vicente do Burgo, co motivo da celebración da súa festa patroal, por importe de 450 euros, adxudicado á **DÚO ECLIPSE**.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- Do Servizo de Prevención de drogas

- Para a realización dunha actividade lúdico-formativa de iniciación á técnica de Timelapses (fotografía a intervalos) para a mocidade, por importe de 1.905,75 euros, adxudicado á **JAIME PARDO VALDÉS**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Xuventude

- Para dereitos de exhibición de películas e exhibición de clases de danza, por importe de 3.131,20 euros, adxudicado os dereitos de exhibición de películas á **BAÑOS FILMS, S.L.** e a exhibición de clases de danza á **NO HAY DUDA, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do PP e do BNG, posto que ditas actuacións xa deron comezo.

- Para a docencia de cursos de verán, por importe de 4.752 euros, adxudicado á **ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L.U.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Protocolo

- Para a confección dun libro sobre o tratado no I Congreso de Docencia veterinaria, por importe de 1.179,16 euros., adxudicado á **PRELO**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Infraestructuras e medio rural

- Para a coordinación de seguridade e saúde durante a execución material da obra: reparación do pavimento na Ronda da Muralla, tramo porta do hospital-porta da catedral, por importe de 828,60 euros, adxudicado á **OTL, S.L.P. (OFICINA TÉCNICA LUCENSE)**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Parque Móbil

- Para vestuario de traballo e EPIS, por importe de 4.717,25 euros, adxudicado á **TORNEIRO, S.A.**

- Para uniformidade de 2 condutores corporación, por importe de 2.310 euros, adxudicado á **CELSOTEX, S.L.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Desenvolvemento Local

- Para a preparación dun proxecto para participar na candidatura Europea: EUROPA CREATIVA, destinado a por en valor e promocionar a nivel europeo os recursos culturais, patrimoniais e históricos do Concello de Lugo, por importe de 2.800 euros, adxudicado á **ADUYR, S.L.**
- Para a coordinación e tarefas de seguemento e control da acción formativa AFD 2014/2828 “Xestión de Emprego”, por importe de 2.000 euros, adxudicado á **NOELIA BARREIRA VÁZQUEZ.**
- Para a contratación de persoal docente especializado da acción formativa do curso 2014/28282 “Xestión de emprego”, docencia do módulo III, por importe de 2.625 euros, adxudicado á **LIDIA ENRICH GONZÁLEZ.**
- Para a contratación de persoal docente especializado da acción formativa do curso 2014/2828 “Xestión de emprego, docencia do módulo I: A demanda do emprego, docencia do módulo II: A oferta de emprego e docencia dos módulos transversais, por importe de 7.630 euros, adxudicado á **YOLANDA HERNÁNDEZ PINILLA.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Contratación

- Para a adquisición de asentos de traballo e cadeiras de confidentes, por importe de 2.420 euros, adxudicado os asentos de traballo á **FERLO INSTALACIONES COMERCIALES, S.L.** e as cadeiras de confidentes á **PRELO, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Bombeiros

- Para a adquisición de litros de dispersantes de hidrocarburos, por importe de 1.089 euros, adxudicado á **QUÍMICA INDUSTRIAL MEDITERRÁNEA, S.L.U.**
- Para a adquisición dunha cámara fotográfica para a utilizar nas intervencións e probas para informes, por importe de 860 euros, adxudicado á **TEFER ELECTRODOMÉSTICOS.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Deportes

- Para aluguer de cabinas sanitarias e avituallamiento para a celebración do master de pesca e mosca, por importe de 1.095,60 euros, adxudicado o aluguer de cabinas á **SANILU, S.L.** e o avituallamento á **PEDRO ROMARÍS PEREIRA.**
- Para campaña informativa do evento II Travesía do Miño a nado Cidade de Lugo, no diario La Voz de Galicia, S.A., por importe de 2.057 euros, adxudicado á **LA VOZ DE GALICIA, S.A.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Oficina Plan Urban

- Para pintura exterior do edificio da Praza do Cantiño 7 e do interior do baixo, por importe de 1.125,76 euros., adxudicado á **FÉLIX ÁLVAREZ PINTORES, S.L.U.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

2.- Facturas para ditame

- Dación de conta dos **Decretos números 14006877 e 14006993**, de datas 15/07/2014 e 17/07/2014 respectivamente, polo que se aproban determinadas facturas.

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.